

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase conceder a licenza municipal de instalación e apertura da actividade de taller de reparación de vehículos automóbiles na rúa Agua, números 12-14, baixo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para modificación da licenza de parcelamento número 1034/2013, para agregación das parcelas 15 e 16 do polígono 355, dando como resultado unha parcela matriz cunha superficie de 6.821 m², a cal se segrega en tres parcelas, sitas en a Fontenova-Outeiro de Laxe, parroquia de Benade; para cambio de uso de local sito na planta quinta sinalado como 5º B, a vivenda, no edificio con licenza de construción número 1109/06, quedando o edificio composto de planta soto para garaxe, rocho, sala de caldeiras e depósito de combustible, planta baixa para locais e portal e seis plantas altas e baixo cuberta para quince vivendas, tres locais sen uso e rochos, no edificio sito na avenida Vila Verde, número 34; para modificación de acceso ó ascensor e escaleiras no portal do edificio de vivendas, sito na avenida da Coruña, número 338; e para mellora de accesibilidade no portal e substitución do ascensor existente no edificio de vivendas construído coas licenzas municipais números 194/74, 863/99 e 671/13, sito na rampla de Claudio López, número 30.

3. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórdase a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 22/11 feita con data do 15 de novembro de 2011, do local composto de planta baixa e semisoto, sito en Tolda de Meilán 23B, con uso principal almacén de mercadorías-colchóns e mobles para compravenda.

Acórdase a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 137/12 feita con data do 19 de abril de

| | | | |
|-------------|--|--------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 02/09/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | PÁGINA | 1/3 |



2012, da construción sita Arxemil nº 7 da parroquia de Santa María de Teixeira, con uso principal residencial.

Tamén se acorda a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 172/12 feita con data do 19 de abril de 2012, dunha edificación sita na rúa Mar Cantábrico nº 21, con uso principal residencial.

Así mesmo, acórdase a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 225/12 feita con data do 20 de abril de 2012, das edificacións dedicadas a vivenda rural, almacén e espazo para cría de cans (canil), sitas en Bosende nº 76.

Igualmente, acórdase a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 227/12 feita con data do 19 de abril de 2012, das construcións sitas en Cacabelos-Mazoi, con uso residencial e almacén.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a modificación do acordo número 7/655 da Xunta de Goberno Local do 11 de setembro de 2013, relativo ao réxime de substitucións dos membros da Xunta de Goberno Local.

5. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento de funcionaria de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de celador/a colexio público, encadrada na escala de Administración especial (grupo de titulación: agrupacións profesionais).

6. ASESORÍA XURÍDICA.- En relación coa execución de sentenza da rúa Álamo, número 32, acórdase a encomenda de xestión a Evislusa.

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ


7. MERCADOS.- Acórdase autorizar o cambio de titularidade dos postos número 4 ext. do Mercado e número 25 da Praza de Abastos municipais.

Tamén se acorda autorizar o cambio de titularidade dos postos números 6 e 28 da Praza e número 22 do Mercado de Abastos municipais.

Acórdase a prórroga da cesión temporal do posto número 59 da Praza de Abastos municipal.

Código Seguro de verificación:49KRxUxdVCXv3+1bKe6raw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 02/09/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 49KRxUxdVCXv3+1bKe6raw== | PÁGINA 2/3 |



49KRxUxdVCXv3+1bKe6raw==

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACION

8. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos do canon a satisfacer a este Concello por parte da empresa titular da explotación da cafetería restaurante no edificio mirador do Parque Rosalía de Castro, correspondente á segunda e terceira anualidade do contrato.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- A resolución do expediente da autorización e nova licitación para a concesión da ocupación de dominio público coa instalación de casetas e caldeiros de polbo, durante as festas de San Froilán 2014, pola falta de pagamento en prazo das correspondentes taxas, e a apertura do procedemento de adxudicación.


- A incautación da garantía definitiva constituída no contrato administrativo correspondente á obra de “Rehabilitación do antigo cárcere do partido xudicial de Lugo. Centro social e cultural Antigo Cárcere – fase 1”.

- O encargo á sociedade “Empresa municipal de vivenda e solo de Lugo” -Evislusa- da redacción, xestión e presentación dunha proposta do programa LIFE da Comisión Europea.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:49KRxUxdVCXv3+1bKe6raw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 02/09/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 49KRxUxdVCXv3+1bKe6raw== | PÁGINA 3/3 |



49KRxUxdVCXv3+1bKe6raw==